O: IRMANDINO

PERIODICO GALEGO

ÓRGAO DA IRMANDADE GALEGUISTA DO URUGUAY

AÑo I	Direición e Administración: PIEDRAS, 411	Montevideo, Decembro de 1934	Núm. 2

HINO GALEGO

Casta dos celtas, esperta axiña,
ergue do fango da escravitú.
Patrea da yalma, teus ceibes cantos
henchan o mundo de norte a sul.

Cantai galegos
o hino xigante
dos pobos libres
dos pobos grandes.
Cantai galegos
a idea santa
da independenza
da nosa Patrea.

Dos meus pasados, bendita terra
nai amorosa da miña nai
Creva as cadeas, que te asoballan
e cingue a croa da libertá.

Cantai galegos, etc. etc.

Alfredo Brañas Méndez.

(Foi esquirto pra música de "Taibo".)

PARDO DE CELA

"O Irmandino" que naceu pra vivir na nosa coleitividade, oxe ten de lembrarse d'un morto ilustre que pra honra dos galegos dou a súa vida pol-a libertade de Galiza.

Falamos do Mariscal Pardo de Cela; do home galego que o cerralos ollos o mundo pra entrar no seo da inmortalidade, adquireu o seu nome todol-os relieves d'ún héroe. Os homes que dan a vida pol-a libertade non son mártires; ¡son héroes!

O cumprirse un aniversario mais da súa morte, temos de darlle ceibe camiño aos impulsos vibrantes do noso espritu galego, pra que as cordas do corazón nos xacudan as durmileiras rexions da nosa ialma que a berros pide xusticia pros homes grandes e rivindicacions pros seus sucesores.

Aló pol-o século catorce, pouco dinpois da guerra dos Irmandinos, cando Galiza sintia morrer as suas libertades, surxeu a rexa e varil figura d'aquel cabaleiro, no intre qu'os reies católicos querian sumir o pobo galego baixo a súa hexemonia abafante e potencial.

Cando ocurreu en Castela o falescimento de Enrique IV foi cando Pardo de Cela surxeu coma un caudillo de aquel movimento de emancipación galega. El que era un rexo loitador por levar o reinado a doña Xoana de Beltranexa, por entender que d'este xeito Galiza tería a libertade que merescía, non pudo ver coroadas de éisito as suas aspiracions; mais non foi d'abondo pra que él depuxese a súa aititude que por ser tan patreótica veuse coroada co mais grande dos éisitos, cando todo pobo galego sin distinsión de crases foi a prestarlle a súa axuda en col das libertades galegas.

Velhei que o nome do Mariscal popularizouse d'un xeito tal, que hastr'os Irmandinos que non habían percorrido moitas datas loitaron contra él, foi enton cando se xuntaron pra combatir aos reies de Castela.

Os señores feudales galegos que pra desgracia d'eles eran os mesmos amedrentados que fuxian o berro clamouroso do pobo buscando achego no reinado de doña Isabela e de don Fernando de Aragón, deixaron de ser galegos pra seguir sendo feudales; mais o Mariscal que tamén era un de tantos feudales, deixou de ser feudal pra ser galego.

Aititude patreótica d'un home que podendo ter todal-as prevendas do goberno, renuncia a elas pra xuntarse co pobo; co pobo humilde e probe; probe de libertade e de diñeiro. Asi él tamén senteu a probeza. Senteu a nostalxia da libertade que sinten os homes cando n-eles imperan por enriba dos intreses, o craro senso da patrea libre e de xusticia pra todol-os ciudadans sin distinsion de ideas nin de crases.

Os reies católicos que ouservaban o incremento que viña tomando o galeguismo que tiña por cabezoleiro a Pardo de Cela, non alcontraban os medeos pra abafar aquel rexurdimento do nose pobo. De aquel pobo sumiso na obriga pero rebelde na inxusticia. Foi entón cando o goberno apelou a traición.

Esgotados pois todol-os recursos de que poidían valerse os reies alcontraron no capitan francés Lois de Mudarra, o que desexaban as suas ambicions egoistos e o mesmo tempo cobardes. O dito capitan pra cumprir as ordens dos seus señores valeuse da cativa maña que de cote empregaron e empregan os homes sin vontade e sin diñidade. Asi sobornou aos criados do Mariscal, pra logo ca sua xente disfrazada penetrar na forteza da Frouseira e vilamente apoderarse de Pardo de Cela, do fillo e de outros que se alcontraban n-ese intre con él.

Esto ocurreu o 7 de Nadal do 1483; foron levados dimpois a cadea de Mondoñedo e alí pagaron cas suas vidas tan cheas de espranza o Mariscal e o seu fillo.

O 17 d-este mesmo mes, na praza de Mondoñedo foi guillotinado o defensor mais grande que tivo Galiza en col das suas libertades. Oxe, 451 anos dinpois temos de lembranos d-este endelebel acontecimento; mais non ha de ser no estilo pereodistico nin no discurso protocolar, sinon seguindo seu exempro de rebeldía e patreoteco, pra que dimpois de tantas vegadas trascurridas sexamos seus diños sucesores, demostrando o Mundo quens foron os homes esquencidos pol-o prexuicio politeco que domina os pobos.

Este é o mellor homaxe que podemos ofrendarlle:
¡Sendo galegos en vida pol-a causa da súa morte!

RAZA, LINGUA, CULTURA

A Javier Rodriguez Meijide.

Conviña xa que tivera remate a falseira idea isa confusionista que teima de misturar nun o dúplice concepto dos nazonalismos, según coida decote unha caste de espritos burdos e simplistas, xentes todas ô marxen da fluencia do pensamento vixente e do senso histórico. Conviña non iñorar, na dinámica do tempo actual, ise concepto dual dos nazonalismos: o agresivo nazonalismo estatal e imperialista i o que resurde soerguendo os valores en xermen das patrias naturales, das comunidades culturales oprimidas baixo dunha dominazón política.

A aquil nazonalismo orguloso, absorbente, beato do Estado fetiche cumpre acentualo co seu propio calificativo, o que reclama a sua, fisonomia verdadeira: "estatismo"; ou sexa unha forma política apreixando e oprimindo, nunha estructura artificial e tiránica, as entidades naturales das patrias vivas. O contrario, percisamente, é nazonalismo puro; o resurdir de isas comunidades culturales cara a unha armonía con fundo na natureza e na libertade. Eis a difrenza.

¡De engádega, ises mesmos espritos simplistas e perguizosos afeixan e trabucan, con míope ollada, o valor dos termos — como iles os conciben, tan dispares — de "raza" e "cultura". Conviña, tamén, non iñorar que oxe, tal o mundo e o seu desiño "humán", a raza, o racismo, na sua estricta acepción biolóxica, é imposibel. A raza sô concíbese, socialmente, como unha mistura de tipos e sangues que teñen un idioma común. A raza é a lingua, como afirmou reiteradamente o Unamuno. A língua — que non é somentes un simple conxunto de verbas, — supón un xeito orixinal de ollar i expresar as cousas. *A lingua, pois, é o rasgo caracteristico dunha cultura, a sua base mais firme. (Tan é así que se non pode soster seriamente que eisista unha cultura firmemente difrenzada, marcada, integrad, sin unha língua propia que a sosteña. Exemplarizando, podemos citar a Suiza, a Bélgica, a Austria, das que se non pode afirmar rigoro-*

Da traxedia "O Mariscal"

de Cabanillas e Villar Ponte

¡Camino de ferradura
que levas a Mondoñedo!
Nova rúa da Amargura!
¡Ou, vereda de inxustiza
pol-a que rube ô martirio
o redentor da Galiza!
¡Dalle paso doce e brando,
que tamén él vai doido,
antre saións e sangrando!
¡Tamén él, todo bondade,
leva âs costas a cruz sagra
d-un sono de libertade!
¡Tamén él, cheo de dores,
vai con coroa de espiñas
posta de man de treidores!
¡Tamén él murcho e maltreito,
como rosa de pasión
leva unha chaga no peito!
¡Camiño de ferradura
aberto ô paso da Morte
na noite tristeira e escura,
leva con paz e sosego
ô soñador d-unha patria,
ô novo Cristo galego!

samente que teñan unha cultura —unha cultura suiza, una cultura belga, etc. —, porque, simplementes, non teñen unha língua propia).

Razas de pura sangue non eisisten hoxe mais que nos pobos bárbaros, iliados, salvaxes. A raza como un feito social, non como fenómeno biolóxico; a raza de tipos e sangues distintos avencellados por un mesmo idioma, sí. Entón, porque a língua é a base mais sólida dunha cultura i é o expoñente dunha comunidade social, os termos raza e cultura, n'ise senso, equivalense. Estrictamente, tal a roita civilizadora do mundo, a raza non eisiste: somentes hai línguas, culturas de que se compón o compreto universal. (Tal racismo, o que ostulan os "estatismos", como o da Germania actual, ten un signo torpemente zoolóxico; o concepto de "raza" que afirman os nazonalismos naturales ten un signo, pois, por todol-o dito, de libertade e cultura).

As guerras, as revolucios, contra o fácile e laxo criterio do internazionalismo simplista e do reaccionarismo asimilista do século pasado, perforan a Historia n'isa dirección, finxindo mais cada día de socegarse na aberración dunha cultura uniforme criadora dun tipo humán standardizado, coas mesmas reacciones anímicas dos monifates mecánicos soñados por calisquera sabio da recua hitleriana de moda.

As razas son tan solo posibeles no senso cultural dito i elas son as que mandan, cada vegada mais, sostendo o universal nunha armonía basada na naturaleza e na libertade dos pobos. Como no mito babélico se expresa o porvir, pois, é das línguas que sosteñen as culturas e forxan as nazonalidades ceibes.

Johan Carballeira.

DESTERROS

Outro atropello máis c'o galeguismo acaba de cometere o goberno de Lerroux, por mandato do descalificado cómplice do contrabandista March. Falamos de Emiliano Iglesias, convertido no máisimo cacique da nosa terra. Iste persoaxe, encubridor d'alta delincuencia, fai tempo que ven traballando o indecibre pra conter a forza, cada día mais puxante e vigorosa, do Partido Galeguista no que militan os máis destacados homes de Galicia. E como pro desenrolo dos sucios negocios que constituien o seu medio de vida, estorballe o control dos patreótas galegos que dend'a dita agrupazón galeguista loitan pol-o melloramento da vida galega, escomenzóu, co apoio do goberno centrae, a perseguire aos dirixentes, encarcelando a uns e facendo trasladare a outros, aproveitando o feito de sere empregados do Estado.

A derradeira vergoñosa orde de que temos conocemento, e a do traslado a Badaxoz e Cádiz dos loitadores e sinceiros patreotas galegos, Alfonso R. Castelao e Alexandro Bóveda.

Tal medida, pol-o respeuto c'ambas meirades figuras de galeguismo inspiran hastr'a os máis acérrimos nemigos, foi recibida en toda Galicia c'a indiñación imaxinabre, xa que naides iñora que no fondo o dito traslado non e máis que unha deportación tendente a restarlle elementos a un partido cuia pura e desinteresada laboura en favore dos intreses galegos, pol-o arraigo que está tomando entr'os traballadores e campesiños, non conven aos intreses particulares do encubridor de todo o que sexa inmoralidade.

Emiliano cumpriu unha necesidade pr'as suas maquinaciós de home deshonesto. Prendendo a uns e trasladando a outros, pretende quedarse soio no control da vida galega que, como compre a un comerciante da concencia ciudadana, aproveitara pra facere os seus negocios sin que naides llos bote en cara e lle crítique a sua falla de amor a terra en que naceu, pra desgracia de Galicia.

Nós pensamos que a pesare de todo non haberá de conseguire o que íl quer, e que Galicia enteira non tardará moito tempo en botalo a íl, xa que o camiño que elixiu e o peor. Con isto, o Partido Galeguista verá aumentar a suas filas con verdadeiros homes galegos que non están dispostos a servire de xuguete de calquer trafecante.

Nosoutros, que sabemos ben o door qu se sinte o verse lonxe da terra meiga, acompañamos espiritualmente a tan bós galegos e irmans de ideaes, e, c'o poeta, decimoslles: "os tempos son chegados".

Ventana de pau de pino,
mala polilla te coma;
por causa de tí, ventana,
perdín a miña señora.

Falai baixo namorados
que'as pedras teñen oidos;
amores disimulados
sempre son os mais queridos.

SINTONIZE co'a RADIO AMERICA C X 46 os domingos de 10 a 11 e os jueves de 22 a 23 horas, no programa de "Pedruscos Españoles", e terá oportunidade de escoitar algo da NOSA TERRA.

ESTAMPA MARIÑEIRA

Unha taberna d'un porto de pescadores da costa brava de Galiza. Alumeados c'un quinqué, fatos de homes de mans callosas e rostro curtido po'l'os salseiros. Como o tempo non permite sair a gañár o pan pros fillos pasan'o na taberna tomando augardente, contando as últimas "caladas" que fixeron e o mal que sepresenta o inverno.

Un taboleiro estrado de vasos lixosos, xérras, que foron brancas, d'elas regañadas c'uns gatos d'aramio que lle botou algun afiador que pasou pol-a aldeia. Máis atrás pipas de viño e augardente, un odre sobor d'uns cabaletes, c'unha cunca vella debaixo da villa. O estante con botellas, as que dada a irreverencia d'as moscas non se pode ler a etiqueta. Pindurados d'unha viga unha saranda de rede con dous queixos e unha ducia de chourizos; mais aló, duas ducias de velas de sebo.

Arrimado o taboleeiro o taberneiro co xornál debaixo do brazo, encendendo un cigarro que sacou d'unha petaca. Fai poucos istantes chegou o rapaz do correio e trouxo o xornal, o úneco que se recibe na aldeia e cuia leitura tivo que deixar pra despachar a un rillote, meio espido, un real d'aceite fiado, e cuia venda pol'a cara que puxo, non lle agradou moito.

De novo volt'a interrumpida leitura do xornál faise silenzo na taberna ,pois, todo'l'os presentes escoitan o taberneiro c'unha unceón relixiosa "era tan mao o tempo, que os probes mariñeiros foi'lles imposibre desembarcar na praia, pois unha ola xigante emborcou a lancha e arrastrou con ela os tripulantes diante dos ollos do pobo que estaba presenceando a traxedia sen poder prestarlles axuda, por non ter os mais indispensabres elementos de salvataxe". "Traxedias com'a esta deben evitarse e o evitalas está na man do goberno, costruindo portos de refuxio nas costas galegas, cuios homes de mar viven no mais compreto desamparo de parte dos gobernantes."

Termiñou o taberneiro a leitura e o silenzo durou uns istantes, pois nos ollos d'aqueles homes refrexábase a traxedia que acababan d'escoitar.

—Os gobernantes dixo ô tio "Garocho", — vello de satenta anos — os gobernantes non se lembran de nós mais que cando hai eleuciós, dempois, van pra Madrí... coa aita de diputado e os probes mariñeiros que os coma o mar. Non sei que máis bai agardar o pobo galego d'estes gobernantes.

As escolas Galegas

Na escola que e'precisamente donde se forxan os elementaes principeos humans, alí é donde Galiza sente un formidabel atraso pedagoxico, por consecuencias do réximen centraista.

A pedagoxia que aitualmente ocupa un dos principaes rols na humanidade, ainda non está totalmente de acordo ca evolución d-esta. Está suxeta a dogmatismos cheos de prexuicios. Asi pasa no reximen capitalista; mais este verdadeiro atraso, podemos afirmar ca nosa pouca crarividencia n-este probrema, débese no seu orixen a berme da politeca. Si os que viven d-esta educasen os pobos con integra libertade, estes serían os mesmos que non precisarian do discurso politeco pra rexir os seus destinos.

Galiza en ves de ter escolars con maestros galegos, ou pol-o menos que souperan o galego, o Goberno mándanos andaluces ou madrileños pra educar aos nosos nenos que nin siquera os entenden falar.

E mester que na escola se aprenda algo mais que númaros e xeografia. De ali deben salir os futuros responsabres da humanidade, e pra que esta humanidade sexa mais perfecta, debemos comenzar por barrer o que ataca aos mais elementaes principeos de evolucion.

Vergonza da que veña un rapaz pra américa e que non saba quen foi un Curros Enriquez ou un Pondal; eso non lle conven enseñalo o Goberno porque precisamente si asi fora, este non estaría cometendo os atropellos que de cote comete.

Dito, pois, a enseñanza non debe ser dogmática.

Mais impostos

Anuncian as derradeiras noticias de Hespaña, que se lle apricou un imposto as marisqueiras das rías de Galiza.

Esto é algo que nos arrepía os pelos da cabeza, maxinando n-estas modestas mulleres que pra chegar a súa casa c-unha peseta pra facelo caldo se pasan a cotio molladas hastr'a a cintura pra arrecadar uns poucos mariscos.

Verdadeira inxusticia do goberno, que non lle chega dabondo o que lle paga o labrego galego, sinón que os probes que non teñen mais qu'a ofrenda da naturaleza non poden ser donos do que non é de ninquén.

FUCHICADAS

Unha verdadeira revelación nas aituàles Cortes d'Hespaña é sin dúbida o diputado señor O'Shea, que para maor disgracia é representante por Galiza. Discutíase no parlamento o proyeito do Ministro da Marina referente a costrucción de cañoneiros e a sua adxudicación repartidamente nos astilleiros de toda Hespaña. O señor O'Shea non tiña falado nunca; tanto, que todo o mundo pensaba que era mudo — ou pol-o menos tatelo — en o medio do asombro de toda a Cámara, érguese no sou escaño pra apoyar o voto particular do señor Carranza declarándo: "que los astilleros de Vigo no están capacitados para construir los cañoneros que en el proyecto se le asignan".

Teñámos en conta que os cañoneiros a costruirse son de 300 toneladas e que un sô astilleiro de Vigo fixo, nos dous derradeiros anos, mais de 30 barcos con casco d'aceiro; algún d'eles de 1.800 toneladas. Dénse conta os galegos qué enteirados están dos problemas de Galiza os seus representantes en Madril, e pensemos de contado qué nos conven mais; sí pedirlle os diputados que falen, ou percurar convencelos de que non falen nunca, que se concreten a cobrar somentes, xa que pol-a mostra, podemos decatarnos de sobra, que hai algo moito pior que estar calado... decir barbaridades.

Cando botaron das costituientes a Emiliano Iglesias, por considerarselle complicado nos manexos de contrabandista March, Lerroux dixo: "he estado descontento con la conducta de Iglesias desde hace mucho titempo". Isto pensábao Lerroux cando gobernaban as izquerdas; máis o troco da política foi tan "radical" que hastra lle devolveu a conducta a quen a tiña perdida — ou a quen nunca a tivera. — A verdade ê que hoxe, estes dous persoaxes lévanse como o pan e o leite.

¡Ai! qué ditosos serías os pobos si os políticos non tivesen estrómago! ¡Quén diría que esa pequena necesidade orgánica sería capaz de afogar os máis afervoados ideaes!

Un bô día o pobo cruñés fixolle un grande recibimento a Casares Quiroga; tratouno de fillo predilecto e cotou a casa pol-a fiestra pra agasallalo. Pouco tempo despois o mesmo pobo cruñés escorrazóuno as pedradas, xunto con Azaña, como quen escorraza os porcos bravos. A política cambiara e o Mesías trocarase en xudeu. Pero nos dous casos o pobo tivo libertade pra exteriorizar o seu sentir. Hoxe ise mesmo pobo agasalla cegamente as forzas do exército. Levanta arcos de trunfo, sementalle a rúa de froles ê hastra lle da diñeiro. Esquence o pobo os últraxes que ese exército lle inferiu, ovedecendo ô mando dos amos d'Hespaña; e mañán voltará novamente a darlle de paus sempre que os amos d'hoxe ou os que viñeren eisú o desexen, post-o que o exército pra disgracia do mundo non ten concencia, pra él a xusticia e a razón está sempre a carón de quen manda. ¿Prove, si se quer convencer o pobo de Cruña, en facer algunha vegada (que ocaciós non lle han faltar) unha manifestación contra o exército que arremata de agasallar. e xa ollará como le vai?

O Gobernador de Pontevedra destituiu o Axuntamento de Ponteareas e nomeou nova corporación (coma en tempos da real orde) integrada por xentes da nefasta CEDA e radicás de D. "Ale" el "Tufitos". Xa poden estar tranquios os veciños de Ponteareas, con esa xente no Axuntamento teñen todo'los probremas resoltos hastra o das eleuciós, cando as haxa, pois non fará falla que vaian a votar...

Irmandade Galeguista do Uruguay

Gran Festival Galego

EN

HOMAXE A PARDO DE CELA

Salon-Teatro do Centro Galego, San José, 870

SABADO 22 DE DECEMBRO DE 1934

★

PROGRAMA

1.º PARTE

1. **HINO GALEGO.**
2. **VERBAS**, pol'o Segredario da Irmandade.
3. A comedia en un aito e tres cuadros, orixinal de **Alfredo Nan D'Allariz**, tidoada.

O ZOQUEIRO DE VILABOA

REPARTO

Maripepa ..... Srita. Tita Gómez
Tio Mingos ..... Sr. C. Bóveda Amor
Fuco ..... Sr. R. Somoza
Viteiro ..... Sr. H. Blanco
O Cartoiro ..... Sr. H. Méndez
Xaquin ..... Sr. E. Helguera
O Xuez ..... Sr. E. Rodriguez

Gaita e coro xera'l en escea.

●

2.º PARTE

CANZÓS GALEGAS

Pol'a Srita. Olguita Castro e barítono Sr. Eiroa. Acompañados o piano pol'o mestre Aparicio.

CANZÓS ESCEIFICADAS

CANZÓN DO BERCE

Solista: Srita. Tita Gómez e Coro.

CANTO DO ARRIEIRO

Solista: Srita. Olguita Castro e Coro.

RECITADOS pol'a Sritas. Olgita Castro e Tita Gómez.

No olvide en sus fiestas

Sidra NORA

En botellas de champagne

Importadores: MATEO BRUNET & Cia.

URUGUAY, 919/23 U. T. E. 8 46 61/65

Publicaciones recibidas

"A Fouce"

Chegou a nosa casa o derradeiro número d'"A Fouce", que edita a Sociedade Pondal de Bós Aires o que como sempre adica eispecial atención os pobremas de Galiza seguindo a liña de conduta que se trazóu dendo a sua aparición.

Retribuimos o saudo que nos adica desexando'lles os irmans da Pondal unha ampria colleita da semente que espallan.

"Opinión Galeguista"

Recibimos o segundo número d'este periodico galego editado po'la Organización R. Nazonalista Galega de Bós Aires, órgano este defensor da politica que desenrola en Galiza o Partido Galeguista, trai algunhas cousas de intres coleitivo, anque e de lamentar, que lle dean mais importanza a persoalismos que, a nada bó levan, e deixen de encarar os pobrema galegos dende outro punto de vista, habendo antre'les xente que os conoce ben a fondo. Retribuimos o saudo que nos adica, o desexamos'lles moito eisito na loita po'la revindizacón galega.

G. López Abente

Xèntilmente adicados a bibrioteca da IRMANDADE recibimos dous libros de versos d'este gran esquirtor galego tidoados "Escumas da Ribeira" e "Alento da Raza".

Agradecemos moito tan bô regalo como ê un libro e agardamos de tan fino poeta novos froitos do seu inteleito e da sua outa cultura en ben da nosa TERRA.

Afundimento do tunel de Montefurado

Unha correspondenza chagada de Quiroga, Lugo, nos enteira que no derradeiro mes de novembro afundiuse o túnel do Montefurado. O dito túnel era unha estimabel obra hestórica, costruida na época de Trojano, dominación román. Tiña un heutómetro de longo e tres metros d'altor dendes da base, co il trocabase o curso das augas do río Sil. Agora, c-o atascamento do túnel, as augas teñen que voltar novamente o antigo camiño e elo pon en serio peligro as vecindades d'esa comarca, mais, tendo en conta que o inverno pode decirse que xa chegou e que o Sil ê moi caúdaloso e desbórdase de cotío. De maneira que o feito que comentamos é doblemente lamentable: por que se perde unha obra hestórica e pol-os perxuicios que pode causar os veciños de esa zona.

Ramón Suárez Picallo

Nouticias chegadas no derradeiro correio impoñénnos de co esforzado paladín galeguista Ramón Suárez Picallo foi detido por orden do goberno dictatorial que preside o ex emperador do Paralelo, anunciándosenos, tamén, que non pararán ahí as detenciós, xa que son varios os militantes galeguistas que deberán ir a cárcel a purgar o DELITO de defendere a soberanía de pobo galego, asoballado pol-os tituados centraistas.

A nosoutros, o encarcelamento de tan bon compañeiro de causa e amigo, non-os sorprendeu. Conoscemos ben a inquedanza d'este sinxelo patréota e, pol-o mesmo, esperabamos c'o goberno dictatorial que oxe rixe os destiños d'Hespaña, se ensañase con quen, pol-a sua sinceira e afervoada defensa dos intreses galegos, tiña que sere pr'os REPUBRICANOS da conxunción Lerroux-Xil- Robles, un escollo no seu afán de gobernantes de forza. Pro, non será có encarcelamento que haberán de pechar os beizos de quen, com'a Suárez Picallo, pón o corazón e todo o seu saber, que e moito, o servicio da causa nobre e santa de facer de Galicia un país de homes libres, non de escravos, como queren que sexa os que viven as costas do traballo e sudor do pobo galego.

Dend'estas terras donde tantos sinsabores e sadisfaución convivimos xuntos, enviámosche, irmán Suárez, a nosa sempre inalterable adhesión e tua persoa e a causa galega, unida o berro de "A NOSA TERRA E NOSA."

A NOSA POLITECA

Témol-a obriga de responderlle a certos galegos e outras persoas que nos pregaron lle eispricasemos "que fins perseguiamos nos".

Sinteticamente vamosllo a eispoñer en poucas verbas: A Irmandade Galeguista do Uruguai non é unha Entidade abertamente politeca; os seus principaes fins son de dar a coñecer aos nosos ilustres patreotas que coma unha consecuencia do réximen morreron uns e viven outros na ouscuridá. Houbo é hai na Galiza homes célebres que por sel-o así cantan as belezas da terra e as rebeldias do seu espritu, no idioma que encarna a mesma Terra; no idioma galego. Velhei que pode mais o ideal da patrea que os intreses do mercantilismo intelectual.

Nos xa dixemos n-outro número do Irmandino que o noso senso da patrea está moi por enriba dos intreses mezquinos de certas cras de patreotas que non fan mais que falar e pra desgracia falan en castelán.

Si loitamos pol-a nosa autonomía é porque entendemos que ela e o goberno que mellor conven a Galiza.

Si defendemos os nosos principios raciaes e porque no conceuto da raza radica a grandeza d-un pobo.

Si falamos en galego é porque o noso idioma e doce com'a mel e rebelde comas abellas cando lle xacuden o cortizo.

O noso nacionalismo non quere decir fascismo, pois non soio nos decraramos enemigos d'el sinón que o repudiamos e combatimos.

Aspiramos na democracia a igoaldade de direitos, coma unha posibilidade de igoaldá integral.

A nosa patrea, é a terra que nos veu nacer, é o curruncho do noso lar donde as nosas nais nos arrularon co doce cantar dos seus beizos.

¡A nosa patrea é Galiza!

A Revolución Hespañola

Non entraremos a detallar as causas que motivaron os derradeiros acontecimientos de Hespaña nin tampouco nos poñeremos de lado de tal ou cal partido politeco. Mais si nos falamos ca verba de xusticia non poidemos deixar pasar por desapercibido os atropellos que se fagan a ésta, tanto en Hespaña coma nas demais partes do mundo. Os traballadores Hespañoles tamén foron victimas da reaición imperio-fascista que ven simentando pol-o mundo os atropellos que por certo non son merecedores d-esta época.

Por principios de libertade, nos estamos sempre cos de abaixo porque entendemos que si eles triunfan han de interpretar mellor o noso sentir, mais o seu fracaso non é sinon a falta de compresión do proletariado. Namentras o capital arrexúntase cada vegada mais, os traballadores combatesen entre eles por intreses de partidos.

As ideoloxias ciscadas pol-o mundo-as moitas-son as que non levan por ningún camiño. O imperialismo trunfa é rise dos proletarios como se rompen a cabeza entre eles.

Somos enemigos das dictaduras, tanto de izquerda coma de direita; pero si d-elas temos que facer escolleita, sexa quen sexa agardamos cos brazos abertos o trunfo do proletariado.

Como nos recibieron

"O Irmandino"

Chegou a nosa casa o pirmeiro número d'este periódico galego qu-escomenza a sua vida alentado pol-os nazonalistas galegos da veciña cibbade de Montevideo.

Belidamente presentado o xeito d'A FOUCE, e todo il esquirto no noso idioma "O Irmandino" ven a encher un valeeiro e a demostrar que, en contra do que coidan certos "apostólos do autonomismo no Río da Prata", pra facer laboura galega e mester pensar, falar e facer en galego.

Invitamos aos fundadores d'"O Irmandino" a seguir con varileza na loita e non recuar na subida cara o idelal libertador da Galiza.

Namentras, nosos saudos fraternáes.

"D'Afouce"

Voces d'aliento

Dende Villalba (Lugo) recibimos un libro de versos galegos, tidoado "Horas de Frebe" do que e autora a inspirada poetisa Carmiña Prieto Rouco. Este libro reflexa nas suas páxinas un efervoado amor a Galiza, cantado con tanta dozura e sinxeleza que a sua leitura deleita e entusiasma.

Trae "Horas de Frebe" unha xentil adicatoria pra biblioteca sociae e tamen viu acompañado d'una carta chea de loubanza e de alento pra laboura que desenrola a Irmandade, da que trascribimos os parrafos siguentes, que son a xeito d'un chamado a realidade pros paisanos que lonxe da Terra ollan con indifrencia as cousas galegas:

Irmáns galegos: Rescibín a sua atenta y agasalleira carta data 20 Setembro últemo.

Adimiro e celebro con íntema ledicia os adiantos e progresos d'isa outa e valente Irmandade n'os poucos meses que leva de vida. Benditos os fillos que así saben honrar, a sua nai! Benditos os que así loitan por mostrar ó mundo o que é y o que val a patria Galicia.

.....

Quedo agardando as suas novas e c'os meus sinceiros e cariñosos saudos a todo-los seus diños compañeiros de Direutiva, qued'ás órdens d'a Irmandade pr'a todo canto xusguen comenente, pois máis galeguista, nin máis antusiasta d'o nosos arte e d'as gróreas patreas, párceme que non poderá ser ninguén.

Conten sua amiga e irmá de ideals: Carmiña Prieto Rouco.

Libros Galegos a venda

na Irmandade Galeguista

NOVELAS

R. Otero Pedrayo:
Os Señores da Terra ..... $ 0.85
O Estudante ..... " 0.85
A Maorazga ..... " 0.70
Arredor de si ..... " 0.70
A Romeiria de Xelmirez .. " 2.40
Castelao:
Os Dous de Sempre ..... " 2.40
G. Lopez Abente:
Vaosilveiro ..... " 0.85
Aurelio Ribalta:
O Derradeiero Amore ..... " 0.70
Xosé Lesta Meis:
Abellas de Ouro ..... " 1.40

POESIA

M. Leiras Pulpeiro:
Obras completas ..... $ 1.05
Manoel Antonio:
De Catro a Catro ..... " 0.50
Lois Amado Carballo:
O Galo ..... " 1.00
G. López Abente:
Nemancos ..... " 0.85
R. Blanco Torres:
Orballo da Media Noite ... " 0.70
Xesús San Luis Romero:
A volta do Bergantiñan ... " 0.20
Euxenio Montes:
Versos a Tres Cás o Neto .. " 1.05
R. Carballo Calero:
O Silenzo Axionllado ..... " 1.05
Vieiros ..... " 0.70
Augusto M. Casas:
O Vento Segrel ..... " 0.85
Alvaro Cunqueiro:
Mar a o Norde ..... " 0.85
M. Luis Acuña:
Firgoas ..... " 1.05
Delgado Surriarán:
Bebedeira ..... " 0.70

TEATRO

Vicente Risco:
O Bufon d'el Rei ..... $ 0.30
A. Villar Ponte:
Tríptico teatral ..... " 1.05
Os Evanxeos da Risa Absoluta ..... " 1.70
Maira Rosa ..... " 0.40
Alvaro de las Casas:
A Morte de Lord Staüler ... " 0.40
Pancho de Rábade ..... " 0.30
Tres Conversas ..... " 0.35
Rafael Dieste:
A fiestra Valdeira ..... " 0.85
R. Otero Pedrayo:
A Lagarada ..... " 0.30
Armando Cotarelo:
Beira Mar ..... " 0.50
Mourenza ..... " 0.30

DE VIAXE

Vicente Risco:
Mitteleuropa ..... " 2.00
Pelerinaxes ..... " 1.70

VARIA

Castelao:
50 Homes por dez reas .... $ 0.85
Cousas ..... " 1.70
Ricardo Carballal:
De Min pra Vos ..... " 0.35
Camilo Diaz:
Conto de Guerra ..... " 0.70
Ken Keirades:
Contiños da Terra ..... " 1.05
A. Cotarelo Valledor:
Cancioeiro da Agulla ..... " 0.85
R. Otero Pedrayo:
Contos do Camino e da Rua. " 0.70
R. Blanco Torres:
De Esto y de lo Otro ..... " 1.40

Romantismo, Saudade, Sentimento da Raza e da Terra en Pastor Diaz, Rosalia de Castro e Pondal. (Discurso de Ingreso na Academia Galega de Ramón Otero Pedrayo, coa contesta do Académico Vicente Risco) ..... " 1.40

Imprenta "Rosgal", Cerro Largo, 990